



Concello de Guitiriz

DECRETO DE RESOLUCION DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE (OEP DE 2017 E 2019, ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, ART. 19.UNO.7. LOXE 18). EXPTE: 889/2019.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/11/2017 polo que se adoptou o seguinte acordo en relación a Oferta de Emprego Público do ano 2017 do Concello de Guitiriz: *Primeiro. Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2017 que contén os seguintes postos de traballo:*

PERSOAL FUNCIONARIO (...)

PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	VACANTES	Acceso
Peón de SSMM	2	Concurso-Oposición

- Acordo da XGL de data 21/02/2019 polo que, en relación á Oferta de Emprego Público 2019 do Concello de Guitiriz, se acorda “*Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2019 que contén os seguintes postos de traballo que deberán convocarse no prazo máximo de 3 anos: PERSOAL FUNCIONARIO (...) PERSONAL LABORAL FIXO:*

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Auxiliares de axuda no fogar	28	Libre	Concurso-oposición	Taxa adicional do artigo 19.Uno.9 LOXE 2018
Peón de servizos múltiples	1	Libre	Concurso-oposición	Artigo 19.Uno.7 LOXE 2018

Engadiuse dita praza na OEP do ano 2019 xa que non computaba na taxa de reposición de efectivos segundo o artigo 19.Uno.7 LOXE para o ano 2018.

- Providencia de alcaldía de data 27/09/2019 de incoación de expediente para a selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, en execución da OEP de 2017 e 2019, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018.
- Informe xurídico de secretaría nº 2020-156 de data 12/11/2019 e o informe de fiscalización de intervención nº2020-200 de data 12/11/2019.
- Acordo de XGL de data 13/11/2019 polo que se aproban as bases da convocatoria para a selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, publicadas no BOP de Lugo de data 03/12/2019, no DOG o 02/01/2020 e no BOE o 20/01/2020.
- Decreto da alcaldía nº 2020-121 de data 26/02/2020 polo que se aproba a lista provisional de admitidos no proceso de selección, publicado no BOP de Lugo de data 09/03/2020.
- Decreto da alcaldía nº 2020-493 de data 10/08/2020 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección e se designa ao tribunal, publicado no BOP de Lugo de data 25/08/2020.
- Acta do tribunal nº1 de data 23/09/2020 coa baremación provisional de méritos, publicado o acordo mediante anuncio de idéntica data; acta nº2 de data 30/09/2020 coa baremación definitiva dos méritos, publicado o acordo mediante anuncio de data 01/10/2020; acta nº3 de data 28/10/2020 pola que se preparan os exercicios

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

da fase de oposición e anuncio do 28/10/2020 coas medidas preventivas na realización da proba; acta nº4 de data 29/10/2020 pola que tras celebrar as probas se acorda publicar o listado de respostas correctas, publicado o acordo mediante anuncio en idéntica data; acta nº5 de data 04/11/2020 pola que se aceptan as alegacións de Manuel Vázquez Ares e se propón repetir o exercicio a todos os aspirantes coa opción de facelo en galego, publicado o acordo mediante anuncio de igual data; acta nº6 de data 11/11/2020 pola que se resolven as alegacións de varios aspirantes contra a proposta de repetición do exame, acordando deixala sen efecto, anular dúas preguntas teóricas e modificar a resposta dunha práctica, publicando os resultados provisionais do exercicio, segundo o anuncio do acordo en idéntica data; acta nº7 de data 18/11/2020 pola que se acorda desestimar as alegacións de Manuel Vázquez Ares e publicar os resultados definitivos do proceso coa lista provisional dos tres aspirantes aprobados no proceso, segundo consta no anuncio de igual data; acta nº8 de data 25/11/2020, con anuncio na mesma data, pola que se acorda desestimar as alegacións de Julio Alberto Aldrey Bao e Horacio Prado Miragaya fronte á lista provisional de aspirantes aprobados, mantendo os resultados e elevando a proposta definitiva de aprobados á Alcaldía.

Unha vez finalizado o proceso selectivo e á vista da acta nº8 do tribunal seleccionador de data 25/11/2020 coa proposta ordenada de aprobados do proceso selectivo.

As Leis de Orzamentos Xerais do Estado establecen que con carácter xeral as administracións públicas non poderán incorporar de novo persoal temporal, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, sen que sexa necesario ao súa vinculación a servizos prioritarios ou servizos públicos esenciais. O artigo 3 da Circular interpretativa da Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia matizaba (aínda que sen rango legal) que tamén poderían excepcionarse aqueles postos de traballos que sexan financiados ao 100% por outras administracións públicas.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre, convocado pola Xunta de Goberno Local en data 13/11/2019 e publicado no BOE de data 20/01/2020, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 25/11/2020 cos seguintes resultados definitivos:

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 7SSFXXZSSRREZ5LEEVARZF6V4H | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Guitiriz

Lista definitiva de aspirantes aprobados:

Nº orde	Aspirante	Total fase concurso	Total fase oposición	Total proceso selectivo
1	Ramón Roca Seijido	40	55,5	95,5
2	María Jesús Taboada Morandeira	36	44	80
3	Manuel Vázquez Ares	40	36	76

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de cinco días naturais aos tres aspirantes seleccionados para presentar na Secretaría do Concello os documentos esixidos na base novena da convocatoria: copia autenticada ou fotocopia co orixinal para compulsa do D.N.I.; copia autenticada ou fotocopia co orixinal para compulsa do título esixido e dos méritos valorados; certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións do posto; declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separada mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas; declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria unha vez presentada a documentación preceptiva polos aspirantes aprobados, e previo informe de intervención, procederase á contratación do persoal seleccionado como persoal laboral fixo do Concello, mediante Decreto de alcaldía, citando as tres persoas aprobadas para a sinatura dos contratos laborais fixos na data que se indique, e demais actuacións que procedan.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Rafael Jose Del Barrio Berbel

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 7SSFXXZSSRREZ5LEEWARZF6V4H | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3